

1. O EQUIPO DE EDLG

Durante o presente curso 2017-2018 bota a andar un novo equipo de EDLG coordinado por Daniel Lorenzo Valdivieso. O obxectivo é ir creando paseniñamente unha rede cada vez máis ampla de alumnas e alumnos, docentes, persoal de administración e servizos, e nais e pais do alumnado implicada na valorización e normalización do uso da nosa lingua no IES Otero Pedrayo.

Xunto co coordinador forman parte permanente do EDLG as profesoras Concepción Fernández Vázquez e Belén Nóvoa Corral. As alumnas integrantes do equipo son Lucía Losada Sierra e Mercedes María Sanmarful Fernández, ambas de 1º de Bacharelato. Temos en conta que o noso obxectivo é lograr un grupo amplo e estable de rapaces e rapazas colaboradoras do equipo. A representante de PSEC no equipo é María Isabel Losada Álvarez.

2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Reproducimos a continuación o último estudo realizado tendo en conta que un dos obxectivos do presente curso é actualizar o mesmo mediante enquisas online.

O noso centro educativo está situado no casco antigo de Ourense acudindo a el alumnado de clase media-baixa cunha presenza cada vez maior de inmigrantes e de familias con escasos recursos e mesmo con problemas de marxinalidade. Malia termos menos alumnos ca en anos anteriores, a cifra de 736 alumnos indica a dimensión deste centro abarcando as distintas etapas educativas. Para tal alumnado contamos cunha plantilla de 76 profesores.

Situación do alumnado

É este un centro urbano no que a lingua maioritaria dos alumnos nos seus usos sociais é o castelán estando o galego relegado cada vez máis a lingua de uso familiar e coloquial. A perda de alumnos galegofalantes é o denominador común curso tras curso, aumentando de xeito alarmante ano tras ano. Son cada vez máis os alumnos que chegan ao sistema educativo cunha competencia oral nula en galego, que non deficiente. Nalgúns casos, e non os menos, a súa destreza oral nunha lingua estranxeira como é o inglés, supera

con creces á que presentan en galego. A isto temos que engadir a existencia de valoracións negativas e prexuízos sobre a súa viabilidade social que xa criamos superados, sobre todo no primeiro ciclo da ESO e algo menos en 1º de Bacharelato con alumnos procedentes doutros centros.

As causas son, entre outras, a falta de transmisión xeracional que fai posible a aprendizaxe lingüística, sendo a escola o lugar no que os rapaces aprenden a falar en galego e non a familia. Os debates estériles sobre o uso da nosa lingua non axudan a mellorar esta situación senón a acrecentar o problema ofrecendo unha visión da lingua desprestixiada, infravalorada e mesmo causante de problemas, e non como fonte de riqueza e de orgullo como tería que ser.

Así pois á hora de elaborar o proxecto e facelo viable haberá que ter en conta esta realidade e planificar a partir da mesma.

Situación lingüística do centro

Tendo en conta pois o ata aquí exposto, concluimos que a lingua maioritariamente empregada polo alumnado é o castelán, sobre todo en canto a usos sociais. É esta a situación “característica” dun centro urbano como é o noso mais cómpre facermos matizacións.

A lingua usada maioritariamente polos docentes no centro educativo é o galego.

A lingua vehicular do centro é o galego isto é, tanto o ámbito administrativo como o burocrático exprésase en galego. Claustros, consellos escolares, avisos dirixidos aos pais, convocatorias de distinto fin, boletíns de notas, actas, adaptacións curriculares, carteis, programacións, oficios, documentación económica, catalogación da biblioteca, arquivo, actividades extraescolares, actividades programadas polo centro... Nos actos públicos tanto o equipo directivo como o centro adoitan empregar a lingua galega, o mesmo cás ANPAS, que en todas as convocatorias ou actividades que organizan utilizan a nosa lingua colaborando dun xeito activo no proceso normalizador.

Tendo en conta o anterior, debemos elaborar estratexias de actuación para os distintos ámbitos e sectores. É imprescindible a implicación de toda a comunidade educativa para lograr os nosos obxectivos polo que a planificación lingüística ha de atender distintas necesidades e fronteas. No caso do alumnado é obxectivo prioritario o logro dunha competencia comunicativa básica, tanto na

dimensión oral (especial insistencia neste aspecto) coma na escrita, ademais de intentar eliminar actitudes estereotipadas e prexuízos contra a lingua, que tanto dano están a facer. Presentar o galego coma unha lingua útil, válida e competente para ser utilizada en calquera situación e contexto, ese é o noso obxectivo prioritario.

3. OBXECTIVOS DO EDLG

A Referidos ao contorno:

A.1 Comúns a todas as actividades

A.1.1 Fomentar o emprego da lingua galega no contorno.

A.1.2 Modificar hábitos, e crear actitudes favorables cara á lingua con campañas en positivo.

A.1.3 Realizar actividades culturais que impliquen o coñecemento do entorno e a súa riqueza histórico-cultural..

A.2 Específicos dalgunhas actividades

A.2.1 Que haxa colaboración e participación co Concello de Ourense

A.2.2 Implicar as familias do noso alumnado na valorización da nosa lingua.

B Referidos ao profesorado:

B.1 Comúns a todas as actividades

B.1.1 Contribuír a que cada vez se estenda máis o uso do galego nas novas tecnoloxías

B.1.2 Comprender a situación idiomática e o contexto histórico de Galicia.

B.1.3 Favorecer actitudes favorables ao galego.

B.1.4 Que empreguen o galego nas súas comunicacións orais e escritas na súa relación docente e interpersonal.

B.1.5 Que nas actividades a desenvolver teñan o galego como lingua de relación.

B.1.6 Que o galego sexa a lingua de comunicación e relación cos pais/nais de alumnas/os.(Sempre que sexa posible).

B.2 Específicos dalgunhas actividades

B.2.1 Animar á formación do profesorado contribuíndo no proceso de adquisición de instrumentos de uso didáctico do galego como lingua vehicular

B.2.2 Apoiar a participación nas actividades de dinamización do uso do galego.

C Referidos ao alumnado:

C.1 Comúns a todas as actividades

C.1.1 Manter e consolidar a súa competencia en galego.

C.1.2 Mudar actitudes lingüísticas negativas cara ao galego por outras máis positivas.

C.1.3 Que o alumnado procedente de fóra adquira un dominio axeitado do galego.

C.1.4 Apreciar o galego como lingua socialmente útil en todos os contextos.

C.1.5 Que nas actividades complementarias, extraescolares e horas de lecer manteñan o galego como lingua de comunicación.

C.1.6 Fomentar a participación do alumnado en todas as actividades.

C.2 Específicos dalgunhas actividades

C.2.1 Comprender que o galego é un instrumento fundamental para penetrarmos no mundo lusófono.

C.2.2 Valorar o uso do galego en contextos de ocio como a música.

C.2.3 Poñer en valor o galego como unha lingua adecuada no uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

C.2.4 Poñer en valor o galego como unha lingua adecuada no ámbito científico.

C.2.5 Valorar e considerar o legado cultural dos devanceiros.

D. Referidos ao Centro

D.1.1 Incentivar e optimizar o uso da lingua galega no centro educativo.

D.1.2 Loitar contra os prexuízos para darlle prestixio á nosa lingua.

D.1.3 Recoñecer a importancia que ten a normalización do galego para preservar a súa supervivencia .

D.1.4 Lograr a implicación de todos os membros do centro.

D.1.5 Que o galego sexa a lingua de comunicación con pais/nais de alumnos. (Sempre que sexa posible).

D.1.6 Que o persoal non docente empregue o galego na súa relación cotiá no desenvolvemento do seu traballo.

D.1.7 Que toda a documentación, escritos, comunicados, avisos se fagan en galego.

D.1.8 Que en todo momento se cumpra a lexislación vixente.

As actividades que a continuación se describen inciden sobre os temas e obxectivos que consideramos estratéxicos:

- O galego como ferramenta para penetrar no mundo lusófono
- O galego como lingua válida no entorno científico
- O galego como lingua instrumental nas TIC'S
- O galego como lingua da música e do ocio
- O galego como patrimonio cultural que nos é propio
- A formación do profesorado

Ademais no deseño de todas e cada unha delas levamos á práctica a única forma de traballo que demostrou ter validez, o traballo colaborativo. Son actividades polo tanto viables, adecuadas e que implican un alto grao de implicación activa dos membros da comunidade educativa.

4. ACTIVIDADES

ENQUISAS SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Para aforrar papel e tempo, realizaremos as enquisas de maneira telemática a través da plataforma Google Drive.

Serán realizadas en horario de tutoría polo alumnado de ESO e Bacharelato. Ao profesorado enviaráselle á súa conta de correo corporativo da Consellería de Educación.

CREACIÓN BLOG EDLG

Crearemos un blog de dinamización lingüística onde daremos publicidade ás actividades realizadas polo EDLG e especialmente a aquelas realizadas polo alumnado que desexe colaborar. Pretendemos convertelo nun instrumento de participación.

CREACIÓN DE CONTAS NAS REDES SOCIAIS DO EDLG

Na sociedade actual da información é imprescindible visibilizar o galego nas redes sociais para que o alumnado o aprecie como unha lingua válida tamén nese contexto.

Durante este curso a rede social que traballaremos será Facebook.

CREACIÓN DUN GRUPO DE TRABALLO CON ALUMNADO IMPLICADO

Para chegar ao máximo número posible de rapaces, é imprescindible contar coa colaboración dun grupo estable e motivado para traballar na normalización lingüística. Realizaremos reunións periódicas e estaremos en contacto a través das RRSS

INTRODUCCIÓN DA REALIDADE AUMENTADA NO TABOLEIRO

Empregaremos códigos QR para dinamizar o taboleiro do EDLG e para afondar no obxectivo de valorizar a nosa lingua como vehículo no contexto das TIC.

COORDINACIÓN DA EDICIÓN DA REVISTA RAÑOLAS

Esta revista ten historia no noso centro. Pretendemos coordinar a súa edición coas achegas de toda a comunidade educativa.

PARTICIPACIÓN EN CERTAMES LITERARIOS

Fomentaremos a participación nos certames literarios convocados por distintas entidades. Prestaremos especial atención aos que teñan relación coa nosa

contorna como o certame de coplas nos Maios e os do noso centro como é o o certame literario Otero Pedrayo, cunha longa traxectoria.

COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO CONCELLO DE OURENSE

En colaboración co departamento de galego participaremos nas Tertulias literarias organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Ourense.

NAMÓRATE EN GALEGO

Resulta curioso como moitos galegofalantes cambian ao castelán para falar con nenos e para ligar. Por iso a semana do 14 de febreiro organizaremos un certame literario de cartas de amor. De celebrarse pola SXPL o concurso Lingua de Namorar, fomentaremos a participación no mesmo. Asemade valorarase a participación nas actividades que a tal fin organice o Concello de Ourense

COLABORACIÓN CO GRUPO DE TRABALLO DA BIBLIOTECA

Coordinado pola profesora Beleñ Nóvoa Corral, o grupo de traballo da biblioteca do noso IES é a referencia que ten o noso alumnado no referente ao fomento da lectura. É un obxectivo deste EDLG coordinar as actuación de dinamización da lingua galega colaborando co equipo da biblioteca nunha serie de actividades:

- Escolma de libros
- Recomendame un libro
- Día de Rosalía
- A ciencia máis divertida
- Conmemoración do Día das Letras Galegas
- Concurso de microrelatos.

O PORTUGUÉS SIMPLE

De haber posibilidade orzamentaria, convidaremos a AGAL a desenvolver no noso centro os obradoiros OPS co fin de amosar ao alumnado a vantaxe competitiva que supón o dominio da nosa lingua no panorama español e

européu. Porque nos permite acceder ao ámbito educativo e laboral dos países que se expresan en portugués (Brasil, Portugal, Angola...) e, polo tanto, ás súas sociedades, producións culturais e mercados laborais.

ENTROIDO FOTOGRÁFICO

Convocaremos un concurso fotográfico co tema O Entroido en Ourense. O alumnado enviará ao correo do EDLG as súas fotografías cun lema escrito no noso idioma. As mellores serán agasalladas e expostas no noso IES

Exploraremos a posibilidade de realizar esta actividade en colaboración con outros centros da provincia.

CONMEMORACIÓN DO DÍA DA CIENCIA EN GALEGO

No mes de outubro celebraremos o Día da Ciencia en galego para valorizar o noso idioma no ámbito científico. Farémolo en colaboración co departamento de Bioloxía e coa Institución Galega de Ciencia.

CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

En colaboración coa Biblioteca e co Departamento de Galego festexaremos o Día das Letras Galegas 2018 que este ano homenaxea a María Victoria Moreno

DIFUSIÓN DA MÚSICA EN GALEGO

Colaboraremos co Departamento de Música para a través de actividades que inclúan o uso das redes sociais, visibilizar o auxe da música en galego.

CELEBRACIÓN DOS MAIOS

Coma tódolos anos, en colaboración do departamento de Galego, fomentaremos a participación do noso alumnado no tradicional certame de Coplas.